

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión EXTRAORDINARIA  
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 29 de XULLO de 2011**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA EXTRAORDINARIA DE ORGANIZACIÓN que terá lugar o venres, 29 de xullo de 2011, ás DOCE HORAS.

### ASUNTOS

1. [-Aprobación da acta da sesión constitutiva, nº 8/11, do 12 de xullo.](#)

Asuntos para coñecemento do Pleno:

2. [-Toma de coñecemento da constitución dos grupos políticos, e da designación dos seus integrantes voceiros.](#)
3. [-Resolución da Presidencia sobre nomeamento de membros da Xunta de Goberno.](#)
4. [-Resolución da Presidencia sobre nomeamento de Vicepresidentas.](#)
5. [-Resolución da Presidencia sobre nomeamento de Presidentes das Comisións Informativas Permanentes.](#)
6. [-Resolución da Presidencia sobre delegación de atribucións do Presidente na Xunta de Goberno.](#)

Asuntos para acordo do Pleno:

7. [- Proposta sobre réxime de sesións do Pleno e da Xunta de Goberno.](#)
8. [- Proposta sobre creación, composición e réxime de sesións das Comisións Informativas Permanentes.](#)
9. [- Proposta sobre delegacións de competencia do Pleno na Xunta de Goberno.](#)
10. [-Proposta sobre nomeamento de representantes da Deputación en Organismos varios.](#)
11. [-Proposta sobre réxime de retribucións e indemnizacións ós membros da Corporación Provincial.](#)
12. [-Proposta sobre determinación do número, características e retribucións do persoal eventual.](#)

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### DA CORUÑA

#### SESIÓN EXTRAORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 29 DE XULLO DE 2011

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 29 de xullo de 2011, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

#### CONCORRENTES

#### PRESIDE O ILMO. SR.:

DON DIEGO CALVO POUSO PP

#### ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

DON SANTIAGO VICENTE AMOR BARREIRO	PP
DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
DON ANTONIO CAÑÁS VARELA	PP
DONA MARÍA DOLORES FARALDO BOTANA	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSÉ SANTIAGO FREIRE ABEIJÓN	PP
DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA	PP
DON MARIANO IGLESIAS CASTRO	PSOE
DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO	PSOE
DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
DON CÉSAR LONGO QUEIJO	PSOE
DON ANTONIO NEGREIRA NOYA	BNG
DONA MARÍA PADÍN FERNÁNDEZ	PP
DON ANTONIO PEREIRO LIÑARES	PP
DON XOSÉ LOIS PIÑEIRO GARCÍA	BNG
DON XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
DON MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ	PP
DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO	PSOE
DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS	PP
DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DONA AMANCIA TRILLO LAGO	PSOE

DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE	PSOE
DON JOSÉ ALBINO VÁZQUEZ ALDREY	PP
DON PERFECTO VÁZQUEZ LEMA	PP

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

### **1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA, Nº 8/11, DO 12 DE XULLO.**

Apróbase a acta da sesión constitutiva, nº 8/11, do 12 de xullo.

### **2.-TOMA DE COÑECEMENTO DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS, E DA DESIGNACIÓN DOS SEUS INTEGRANTES VOCEIROS.**

Visto que o número 3 do artigo 75 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGa) dispón que “da constitución dos grupos políticos e dos seus integrantes e voceiros o presidente daralle conta ó Pleno na primeira sesión que se desenvolver tras cumprirse o prazo” legalmente establecido. Previsión semellante atópase no artigo 24 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 25 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).

Cumpridos os requisitos establecidos no propio artigo 75 LALGa e no artigo 76 LALGa, así como no artigo 23 RODC, concordante co artigo 24 ROF

DOU CONTA Ó PLENO

de que quedan constituídos os grupos políticos cos integrantes e voceiros que a seguir se sinalan:

**“Grupo Popular”**, integrado polos dezasete deputados elixidos polo Partido Popular de Galicia

Voceiro: José Santiago Freire Abeijón.

Voceiros suplentes: Os restantes membros do Grupo.

**“Grupo Provincial Socialista”**, integrado polos nove deputados elixidos polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE

Voceiro: Salvador Fernández Moreda.

Voceiros suplentes: M<sup>a</sup> Montserrat García Chavarría, Mariano Iglesias Castro, Julio Ignacio Iglesias Redondo, Antonio Leira Piñeiro, César Longo Queijo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Amancia Trillo Lago, María del Carmen Varela Corbelle.

“**Grupo Bloque Nacionalista Galego**”, integrado polos cinco deputados elixidos polo B.N.G.

Voceiro: Xosé Regueira Varela.

Voceiros suplentes: Silvia Seixas Naia, Antonio Negreira Noya, Xosé Lois Piñeiro García e Xesús Manuel Soto Vivero.

### **3.-RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO.**

A Corporación toma coñecemento da Resolución da Presidencia nº 13.749, que literalmente di:

“Don Diego CALVO POUSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 35 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) determina que a Xunta de Goberno se integra polo Presidente e un número de deputados non superior ó tercio do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente por aquel, dando conta ó Pleno. Esta mesma previsión atópase no número 4 do artigo 104 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGa) e nos números 1 e 2 do artigo 49 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 72 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).

Engade o número 4 do artigo 49 RODC que os nomeamentos e cesamentos serán adoptados coas formalidades prescritas no artigo 43 RODC, é dicir, mediante resolución da que se dará conta ó Pleno na primeira sesión que celebre e que será notificada persoalmente ós designados e publicada no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ó da sinatura da resolución polo Presidente, se na mesma non se dispón outra cousa.

En consecuencia,

RESOLVO:

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial da Coruña comporase do Presidente da Deputación e dos dez deputados seguintes:

Dona María Dolores Faraldo Botana  
Dona María Elvira Padín Fernández  
Don Perfecto Vázquez Lema  
Dona Zaira Rodríguez Pérez  
Dona María Begoña Freire Vázquez

Don Miguel de Santiago Boullón  
Don José Santiago Freire Abeijón  
Don Manuel Santos Ruiz Rivas  
Don Manuel Taboada Vigo  
Don Santiago Vicente Amor Barreiro

A presente resolución será notificada de inmediato ós designados e publicada no Boletín Oficial da Provincia. Da mesma darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre.

A Coruña, a 26 de xullo de 2011

O secretario xeral,

Asdo.: José Luis Almau Supervía”

#### **4.-RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE NOMEAMENTO DE VICEPRESIDENTAS.**

A Corporación toma coñecemento da Resolución da Presidencia nº 13.748, que literalmente di:

“Don Diego CALVO POUSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 35, número 4, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) determina, desenvolvendo o disposto no número 3 do artigo 34, que corresponde ó Presidente da Deputación o libre nomeamento dos Vicepresidentes de entre os membros da Xunta de Goberno. Previsión semellante atópase no número 2 do artigo 104 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGa) e nos artigos 43, 44 e 45 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordantes cos artigos 66, 67 e 68 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).

Engade o segundo parágrafo do número 1 do artigo 43 RODC que os nomeamentos e cesamentos serán adoptados mediante resolución da que se dará conta ó Pleno na primeira sesión que celebre e que será notificada persoalmente ós designados e publicada no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ó da sinatura da resolución polo Presidente, se na mesma non se dispón outra cousa.

En consecuencia,

RESOLVO:

Nomear Vicepresidentas ás seguintes deputadas, membros da Xunta de Goberno:

Vicepresidenta 1ª: Dona María Dolores Faraldo Botana

Vicepresidenta 2ª: Dona María Elvira Padín Fernández

A presente resolución será notificada de inmediato ás designadas e publicada no Boletín Oficial da Provincia. Da mesma darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre.

A Coruña, a 26 de xullo de 2011

O secretario xeral,

Asdo.: José Luis Almau Supervía”

## **5.-RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE NOMEAMENTO DE PRESIDENTES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.**

A Corporación toma coñecemento da Resolución da Presidencia nº 13.747, que literalmente di:

“Don Diego CALVO POUSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Ó abeiro do disposto no artigo 96 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), consonte á proposta desta Presidencia sobre o número, denominación e composición das Comisións Informativas e sen prexuízo do acordo plenario que sobre a mesma recaia,

RESOLVO:

Delegar e nomear Presidentes das Comisións Informativas permanentes ós seguintes deputados:

- 1 - Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas: Don Manuel Santos Ruiz Rivas;
- 2 - Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística: Dona Zaira Rodríguez Pérez ;
- 3 - Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo: Don José Santiago Freire Abeijón;
- 4 - Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos: Don Manuel Taboada Vigo;
- 5 - Comisión de Persoal e Réxime Interior: Don Miguel de Santiago Boullón;
- 6 - Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos: Don Santiago Vicente Amor Barreiro;

7 - Comisión de Infraestructuras Viarias: Vías e Obras Provinciais: Don Perfecto Vázquez Lema;

8 - Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade: Dona María Dolores Faraldo Botana;

A presente resolución producirá efecto desde o día seguinte ó da celebración do Pleno da deputación no que se fixen o número, denominación e composición das Comisións Informativas, será notificada de inmediato ós designados e publicada no Boletín Oficial da Provincia. Da mesma darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre.

A Coruña, a 26 de xullo de 2011

O secretario xeral,

Asdo.: José Luis Almuera Supervía”

## **6.-RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓN DO PRESIDENTE NA XUNTA DE GOBERNO.**

A Corporación toma coñecemento da Resolución da Presidencia nº 13.746, que literalmente di:

“Don Diego CALVO POUSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que os artigos 34.2 e 35.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), o artigo 105.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA) e o artigo 40.2 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 63.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), prevén que o Presidente da Deputación poida delegar determinadas atribucións na Xunta de Goberno,

RESOLVO:

Delegar as seguintes atribucións do Presidente na Xunta de Goberno:

- A aprobación da oferta de emprego público de acordo co orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno, a aprobación das bases das probas para a selección do personal e para os concursos de provisión de postos de traballo e a distribución das retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas (LBRL, 34.1.g), excluídas gratificacións e horas extraordinarias.

- A emisión de informes requiridos á deputación por diversas normas e que non sexan competencia do pleno.



A delegación das atribucións sinaladas inclúe, en cada caso, a facultade de resolver os recursos de reposición que poideran interpoñerse e rexerese especificamente polos artigos 86 a 90 RODC. Surtirá efecto a partir do día no que a Xunta de Goberno se constituía. Non obstante, os procedementos que estivesen xa iniciados nesa data, inda que pertencen ó ámbito inicial da delegación, serán resoltos en todo caso polo Presidente da Deputación, quen solucionará ademáis os conflitos e as dúbidas que da aplicación dos actos delegados poidan xurdir.

Esta resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia e da mesma darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre.

A Coruña, a 26 de xullo de 2011

O secretario xeral,

Asdo.: José Luis Almau Supervía”

## **7.-PROPOSTA SOBRE RÉXIME DE SESIÓNS DO PLENO E DA XUNTA DE GOBERNO.**

Por unanimidade, apróbase a seguinte proposta:

“Don Diego CALVO POUISO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2.a da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), ordena que o Pleno das Deputacións Provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ó Pleno a decisión sobre o réxime de sesións do Pleno e da Xunta de Goberno,

Eleva ó Pleno a seguinte PROPOSTA de acordo:

1º. RÉXIMEN DE SESIÓNS DO PLENO.- As sesións ordinarias do Pleno da Deputación Provincial celebraranse con periodicidade mensual, o último venres de cada mes, ás doce horas. Se o día sinalado fose inhábil, a sesión ordinaria celebrarase o inmediatamente anterior hábil, ás doce horas. Non obstante, a sesión ordinaria correspondente ao oitavo mes de 2011 celebrarase o día 16 de setembro de 2011 ás doce horas.

2º. RÉXIMEN DE SESIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO.- As sesións ordinarias da Xunta de Goberno celebraranse o primeiro e o terceiro venres de cada mes, ás doce horas. Se o día sinalado fose inhábil, a sesión ordinaria celebrarase o inmediatamente

anterior hábil, ás doce horas. Non obstante, o presidente, mediante resolución conforme ao disposto no artigo 84.3 RODC concordante co artigo 112.3 ROF, ou a propia Comisión de Goberno, con antelación suficiente, poderán modificar os días e horas de celebración das sesións ordinarias, mantendo a periodicidade quincenal.”

## **8.-PROPOSTA SOBRE CREACIÓN, COMPOSICIÓN E RÉXIME DE SESIÓNS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.**

Por unanimidade, apróbase a seguinte proposta:

“Visto o disposto nos artigos 103.1.b) e 212 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGa), o primeiro dos cales remite aos artigos 66 a 68 da mesma LALGa e, por outra banda, o previsto nos artigos 94 a 103 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC),

Eleva ao Pleno a seguinte PROPOSTA de acordo:

**PRIMEIRO.-** As Comisións Informativas Permanentes da Deputación Provincial da Coruña serán oito, coa denominación e atribucións que a seguir se sinalan:

### **1 - Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas .-**

A súa competencia refírese fundamentalmente ás seguintes materias: orzamento e expedientes de modificación de créditos, contas, ingresos (propios e doutros entes públicos), gastos de competencia do pleno, operacións de crédito, inventarios, balances, ordenanzas fiscais, patrimonio provincial, e calquera outro asunto de natureza económico-financeira. Coñecerá tamén, con carácter preferente, dos asuntos procedentes do Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea.

### **2 - Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística .-**

Estudiará as cuestións relacionadas con planos, convenios e actuacións en garantía de prestación de servizos sociais de competencia municipal e de equilibrio intermunicipal, as relacionadas co apoio económico, técnico e xurídico aos concellos para a implantación e funcionamento dos devanditos servizos, a creación e xestión de servizos sociais de atención especializada supramunicipais ou supracomarcais; xestión dos centros provinciais de atención aos xóvenes e á infancia; financiamento de programas de servizos sociais das entidades de iniciativa social; promoción da solidariedade entre institución e cidadáns e dos mesmos entre si con especial acento nas políticas de igualdade de xénero; elaboración dos planos de normalización lingüística de acordo coa lexislación en vigor.

### **3 - Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo -**

As súas atribucións serán as de fomento e promoción de temas relacionados co sector primario, modernización e instalacións comerciais e similares, protección ao sector pesqueiro, acuicultura e cultivos mariños, riqueza forestal, fomento agropecuario, agricultura; potenciación do turismo de xeito coordinado con tódolos concellos da Provincia con apoio ás campañas de difusión das distintas riquezas: cultural, patrimonial, etc. Coñece asimesmo dos asuntos relacionados coa protección civil e servizos de bombeiros.

### **4 - Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos .-**

Abarca o estudo dos expedientes referidos a planes provinciais, tanto xerais como especiais, cooperación ás obras e servizos municipais, asistencia e cooperación xurídica a municipios, asistencia e cooperación económica e técnica a municipios, defensa xurídica, servizos públicos de carácter supramunicipal e, se é o caso, supracomarcal.

### **5 - Comisión de Persoal e Réxime Interior -**

A súa competencia refírese ao estudo de tódolos asuntos relacionados coa función pública, funcionarios, persoal laboral, persoal eventual, relacións sindicais, seguridade e hixiene, protocolo e relacións públicas.

Coñecerá dos asuntos procedentes do Servizo de Informática e, con carácter residual, de todos aqueles asuntos non atribuídos a outra comisión informativa permanente.

### **6 - Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos -**

A súa competencia refírese ao patrimonio provincial e a expedientes de contratación de obras, servizos e suministros, así como tódolos proxectos relacionados con ditas obras e planos de ordenación do territorio.

### **7 - Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais -**

A súa competencia circunscríbese a asuntos relacionados coas estradas e camiños provinciais, autorizacións, licencias de obras e tódolos proxectos relacionados con eles, ademais dos expedientes de expropiacións forzosas e urbanismo.

### **8 - Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade -**

As súas atribucións serán as de dictame, estudo, informe ou consulta sobre as materias relativas a educación, becas de estudos, arquivos, bibliotecas, museos, exposicións e concursos, fomento das artes escénicas e musicais, programas de actividades culturais dirixidos aos concellos ou en colaboración con outras entidades e

organismos, subvencións culturais, monumentos e lugares artísticos, deporte e a mocidade, programas de actividades deportivas dirixidas aos Concellos ou en colaboración con outras entidades, organismos ou asociacións, subvencións en materia deportiva e promoción da participación dos xóvenes na vida política, socioeconómica e cultural.

**SEGUNDO.**- Cada comisión estará integrada por once membros, dos cales seis pertencerán ao Grupo Popular, tres ao Grupo Provincial Socialista e dous ao Grupo Bloque Nacionalista Galego. O Presidente de cada Comisión es designado por resolución do Presidente da Deputación.

**TERCEIRO.**- Estas Comisións xuntaranse con periodicidade mensual nos días e horas nos que as propias Comisións determinen.”

## **9.-PROPOSTA SOBRE DELEGACIONES DE COMPETENCIA DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 17 deputados (PP)  
Votan en contra: ningún deputado  
Abstéñense: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

### **ACORDO**

Apróbase a seguinte proposta:

“Visto que o artigo 48 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 71 do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), prevé que o Pleno poida delegar, en todo ou en parte, calquera das súas atribucións no Presidente e na Xunta de Goberno, agás as sinaladas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) e no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril (TRRL); vistos asemade os artigos 33.4 LBRL, 28.2 TRRL, 107.2 e 314.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGa),

Eleva ó Pleno a seguinte PROPOSTA de acordo:

O Pleno da Deputación Provincial acorda delegar na Xunta de Goberno as seguintes atribucións:

- A autorización ou denegación de compatibilidade do persoal ó servizo da entidade local para un segundo puesto ou actividade no sector público, así como

a resolución motivada que recoñeza a compatibilidade ou declare a incompatibilidade do citado persoal para o exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra da entidade local, ó que se refiren os artigos 9 e 14 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas (ROF, art. 70.9).

A delegación das atribucións sinaladas inclúe, en cada caso, a facultade de resolver os recursos de reposición que poideran interpoñerse, rexerese especificamente polos artigos 86 a 90 RODC e surtirá efecto desde o día seguinte a aquel en que se aprobe, sen prexuízo da publicación no BOP para xeral coñecemento.

En calquera caso, queda excluída a delegación daqueles asuntos cuxa aprobación requira maioría absoluta ou calquera outra maioría cualificada. As competencias delegadas na Xunta de Goberno estarán suxeitas ó control e fiscalización do Pleno, tanto a través dos mecanismos ordinarios previstos na normativa local como dos extraordinarios, singularmente dos previstos no artigo 80 RODC, concordante co artigo 106 ROF.”

## **10.-PROPOSTA SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA DEPUTACIÓN EN ORGANISMOS VARIOS.**

### INTERVENCIONES

#### Sr. Freire Abeijón

Neste punto solicitamos un cambio ao haber un erro no apartado 48, no Padroado do Centro da Coruña da UNED, sería substituír a Don Manuel Rivas Caridad por don Antonio Cañas Varela

#### Sr. Fernández Moreda

É para facer unha aclaración. A Asociación Costa Ártabra agora é a Asociación Costa Noroeste.

### VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (PP)  
Votan en contra: ningún deputado  
Abstéñense: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

### ACORDO

Apróbase a seguinte proposta:

“Visto que o artigo 35 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de Organización, Funcionamiento

e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ó Pleno a competencia para o nomeamento de representantes da Corporación en toda clase de órganos colexiados nos que deba estar representada, sen prexuízo da atribución xeral de representar á Deputación, conferida ao Presidente pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL, art. 34.1.b),

Eleva ó Pleno a seguinte PROPOSTA de acordo:

Nomear representantes da Corporación ós deputados que se indican nos organismos que a seguir se relacionan:

**1.- AFIGAL (SOCIEDADE DE GARANTÍA RECÍPROCA - AFIANZAMENTO DE GALICIA)**

Don José Santiago Freire Abeijón

O Pleno acorda aceptar a designación efectuada pola Xunta Xeral de Afigal, S.G.R. a prol da Deputación Provincial da Coruña como membro do Consello de Administración e nomear como representante da Deputación no Consello de Administración de Afigal S.G.R. ó deputado don José Santiago Freire Abeijón.

**2.- ASOCIACIÓN NERIA**

Dona Zaira Rodríguez Pérez

**3.- BIBLIOTECA DO REAL CONSULADO**

Dona María del Carmen Hervada Echevarría

**4.- BIC GALICIA - CENTRO EUROPEO DE EMPRESAS E INNOVACIÓN DE GALICIA, S.A.**

Don Manuel Santos Ruiz Rivas

**5.- NOVACAIXAGALICIA**

Don Diego Calvo Pouso

**6.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN INTERADMINISTRACIÓN PÚBLICAS EN MATERIA DE DROGODEPENDENCIAS.**

Dona Zaira Rodríguez Pérez

**7.- COMISIÓN DE PLANIFICACIÓN E COORDINACIÓN DE INVESTIMENTOS INEM-CORPORACIÓN LOCAIS**

Don José Santiago Freire Abeijón

**8.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO CO IMSERSO E A FEMP, PARA IMPLANTACIÓN DO SERVIZO PROVINCIAL DE TELEASISTENCIA NOS CONCELLOS**

Dona Zaira Rodríguez Pérez

Don José Albino Vázquez Aldrey

**9.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO PLANO DE DESENVOLVEMENTO ALTERNATIVO DAS COMARCAS MINEIRAS.**

Don Miguel de Santiago Boullón

**10. COMISIÓN GALEGA DE PROTECCIÓN CIVIL**

Don Manuel Taboada Vigo

**11.- COMISIÓN PROVINCIAL DE VIVENDA**

Don José Carlos Calvelo Martínez

**12.- COMITÉ GALEGO DE DEFENSA DOS MONTES CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.**

Don Antonio Pereiro Liñares

**13.- CONSELLO ASESOR DE TELECOMUNICACIÓNS E AUDIVISUAL DE GALICIA**

Don Antonio Cañas Varela

**14.- CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DE XESTUR, S.A.**

Don Diego Calvo Pouso

**15.- CONSELLO GALEGO DE SAÚDE**

Don Miguel de Santiago Boullón

**16- CONSELLO GALEGO DE TRANSPORTES**

Don Perfecto Vázquez Lema

**17.- CONSELLO PROVINCIAL DE SERVICIOS SOCIAIS**

Dona Zaira Rodríguez Pérez

**18.- CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDADE INMOBILIARIA DA CORUÑA**

**CAPITAL E PROVINCIA.**

Don José Carlos Calvelo Martínez

**19.- CONSORCIO AUDIOVISUAL DE GALICIA**

Dona María Dolores Faraldo Botana

**20.- CONSORCIO DO DEPÓSITO FRANCO DO PORTO DA CORUÑA**

Dona María Elvira Padín Fernández

Dona María del Carmen Hervada Echevarría

Dona María Begoña Freire Vázquez

**21.- CONSORCIO PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A PRESTACIÓN DO SERVICIO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO**

Presidente, Don Diego Calvo Pouso  
Dona María Elvira Padín Fernández  
Dona María del Carmen Hervada Echevarría

**22.- CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA (Comité Provincial)**

Don Perfecto Vázquez Lema

**23.- FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS**

Presidente, don Diego Calvo Pouso o deputado en quen este delegue.

**24.- FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS**

Presidente, don Diego Calvo Pouso o deputado en quen este delegue.

**25.- FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE**

Don Antonio Cañas Varela

**26.- FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA (FAEPAC)**

Presidente, don Diego Calvo Pouso  
Vicepresidenta, dona María Dolores Faraldo Botana  
Don Manuel Rivas Caridad  
Don Antonio Cañas Varela

**27.- FUNDACIÓN CAMILO JOSÉ CELA**

Don Santiago Vicente Amor Barreiro

**28.- FUNDACIÓN ESCOLA UNIVERSITARIA DE RELACIÓNS LABORAIS DA CORUÑA (Padroado)**

Dona María Begoña Freire Vázquez

**29.- FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL**

Dona María Elvira Padín Fernández

**30.- FUNDACIÓN EXPONAV**

Don Diego Calvo Pouso

**31.- FUNDACIÓN ORTEGALIA**

Don Miguel de Santiago Boullón

**32.- FUNDACIÓN GALICIA - EUROPA**

Don Antonio Pereiro Liñares

**33.- FUNDACIÓN PRIVADA DEMOCRACIA Y GOBIERNO LOCAL**

Don Manuel Rivas Caridad



**34.- FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

Don Manuel Taboada Vigo

**35.- FUNDACIÓN TORRENTE BALLESTER**

Don José Albino Vázquez Aldrey

**36.- FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

Dona María Elvira Padín Fernández

**37.- FUNDACIÓN WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ**

Don Manuel Rivas Caridad

**38.- FUNDACIÓN TERRA DE TRASANCOS**

Don Miguel de Santiago Boullón

**39.- FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO**

Don Santiago Vicente Amor Barreiro

**40.- FUNDACIÓN GONZALO LÓPEZ ABENTE**

Dona María del Carmen Hervada Echevarría

**41.- GRUPOS DE DESARROLLO LOCAL**

**ASOCIACIÓN COSTA ÁRTABRA**

Don Miguel de Santiago Boullón

**ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO COMARCA BERGANTIÑOS**

Don Perfecto Vázquez Lema

**ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO COMARCA ORDES**

Don Antonio Pereiro Liñares

**ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO LOCAL DELOA**

Don Manuel Santos Ruiz Rivas

**ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO RÍA MUROS-NOIA**

Don José Santiago Freire Abeijón

**ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO SAR-ULLLA**

Don José Albino Vázquez Aldrey

**ASOCIACIÓN EUROEUME**

Dona María Dolores Faraldo Botana

ASOCIACIÓN PARA EL DESARROLLO RURAL TRASTÁMARA  
Don Santiago Vicente Amor Barreiro

DESENVOLVEMENTO RURAL PORTODEMOUROS  
Don Manuel Taboada Vigo

TERRA DAS MARIÑAS  
Dona María Dolores Faraldo Botana

**42.- INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO)**  
Dona María Elvira Padín Fernández  
Dona María Begoña Freire Vázquez

**43.- MUSEO ARQUEOLÓXICO DO CASTELO DE SAN ANTÓN (Padroado)**  
Don José Carlos Calvelo Martínez

**44.- MUSEO DO POBO GALEGO (Xunta Rectora)**  
Don Albino Vázquez Aldrey

**45.- PARQUE NATURAL COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXIÁN**  
Don Manuel Santos Ruiz Rivas

**46.- PARQUE NATURAL DAS FRAGAS DO EUME (Xunta Rectora)**  
Dona María Dolores Faraldo Botana

**47.- PARQUE NATURAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS (Padroado e Xunta Consultiva)**  
Don Manuel Santos Ruiz Rivas

**48.- UNED (Padroado do Centro da Coruña)**  
Don Antonio Cañas Varela

**49.- XUNTA DISTRIBUIDORA DE HERDANZAS DO ESTADO**  
Don Antonio Pereiro Liñares

**50.- COMISIÓN GALEGA DE COOPERACIÓN**  
Presidente, Don Diego Calvo Pouso.

**51.- COMISIÓN PROVINCIAL DE COLABORACIÓN DO ESTADO COAS CORPORACIÓN S LOCAIS**  
Don José Santiago Freire Abeijón

**52.-COMISIÓN SUPERIOR DE URBANISMO**  
Presidente, Don Diego Calvo Pouso

**53.- CONSELLO GALEGO DE TURISMO**

Don Diego Calvo Pouso

**54.- COMISIÓN TERRITORIAL DO PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO DA CORUÑA**

Don Manuel Rivas Caridad

**55.- COMISIÓN TERRITORIAL DO PATRIMONIO HISTÓRICO DA CIDADE E CAMIÑO DE SANTIAGO**

Don Manuel Taboada Vigo

**56.- COMISIÓN AUTONÓMICA DA MULLER**

Dona Zaira Rodríguez Pérez

Os deputados nomeados polo presente acordo informarán sobre o funcionamento dos organismos nos que participan en representación da deputación, así como sobre a súa propia actividade no seo dos mesmos, sempre que sexan requeridos polo Pleno, polo Presidente ou pola Xunta de Goberno e periódicamente nos termos que estableza o regulamento orgánico.”

**11.-PROPOSTA SOBRE RÉXIME DE RETRIBUCIÓNS E INDEMNIZACIÓNS ÓS MEMBROS DA CORPORACIÓN PROVINCIAL.**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 22 deputados (17 do PP e 5 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 9 deputados (PSOE)

**ACORDO**

Apróbase a seguinte proposta:

“Visto o disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL), no artigo 225 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA), nos artigos 12 e 13 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), e no artigo 13 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF),

Dirixe ó Pleno a seguinte PROPOSTA de acordo:

“A).- Retribucións dos membros da Corporación en réxime de dedicación exclusiva:

**Presidente:** As retribucións, en cómputo anual e contía, serán de 71.593,20 €

**Vicepresidentes (2):** As súas retribucións anuais serán de 60.426,57 €

**Deputados do Grupo de Goberno (3):** As súas retribucións anuais serán de 60.426,57

**Deputado do Grupo PSG-PSOE (1):** As súas retribucións anuais serán de 60.426,57 €.

**Deputado do Grupo BNG (1):** As súas retribucións anuais serán de 60.426,57 €.

As cantidades asignadas ós membros da corporación con dedicación exclusiva percibiranse mensualmente na parte que corresponda.

Polo tanto, para o ano 2011 os importes totais en cómputo anual das retribucións indicadas son os seguintes:

Nº	POSTO	RETRIB. ANUAIS POSTO TRABALLO	TOTAL
1	PRESIDENTE	71.593,20	71.593,20
2	VICEPRESIDENTES	60.426,57	120.853,14
3	DEPUTADOS DO GRUPO DE GOBERNO	60.426,57	181.279,71
1	DEPUTADO DO GRUPO PSG-PSOE	60.426,57	60.426,57
1	DEPUTADO DO GRUPO BNG	60.426,57	60.426,57
<b>8</b>			<b>494.579,19</b>

Estas cantidades revisaranse anualmente a partir do 01/01/2012 e actualizaranse na mesma porcentaxe na que aumenten ou diminúan de forma xeral as retribucións básicas dos funcionarios de carreira do grupo A1.

B).- Indemnizacións por preparación de asuntos e asistencia a sesións dos órganos colexiados da Deputación provincial:

Pola preparación de asuntos e concorrencia efectiva ás sesións de órganos de goberno da deputación provincial, os membros da corporación que non estean acollidos ó réxime de dedicación exclusiva, percibirán en concepto de asistencias os seguintes importes:

Sesións plenarias	591,00€
Sesións da Xunta de Goberno	370,00€
Reunións das Comisións Informativas	370,00€

Cando coincidan no mesmo día máis dunha sesión dos órganos colexiados descritos, terán dereito a percibir unha soa asistencia, tomando en consideración para tal fin, cando así proceda, a de maior importe das realizadas

A asistencia ás sesións formalmente convocadas dos órganos colexiados antes citados dará lugar á percepción dos gastos de locomoción desde a localidade de residencia dos deputados que non estean incluídos no réxime de dedicación exclusiva.

Ningún deputado poderá percibir máis de catro asistencias ó mes por sesións das Comisións Informativas, agás as do mes de setembro, e aquelas que correspondan a sesións ordinarias non celebradas no mes anterior. Así mesmo, ningún deputado poderá percibir máis de dúas asistencias ó mes por sesións da Xunta de Goberno, agás as do mes de setembro, e aquelas que correspondan a sesións ordinarias non celebradas no mes anterior.

C).- Asistencias a mesas de contratación, comisións de traballo ou tribunais de valoración dependentes desta corporación.

Tódolos membros da corporación que se designen formalmente para formar parte de comisións de traballo, mesa de contratación ou tribunais de valoración, percibirán pola asistencia ás sesións formalmente convocadas que se celebren, as cantidades dispostas no anexo 4º, categoría primeira do Real decreto 462/2002, do 24 de maio e disposicións de desenvolvemento ou normas que con carácter xeral o substitúan, cando así se determine expresamente no acordo ou resolución de nomeamento.

A asistencia ás sesións formalmente convocadas dos órganos colexiados antes citados dará lugar á percepción dos gastos de locomoción desde a localidade de residencia dos deputados que non estean incluídos no réxime de dedicación exclusiva.

Estas percepcións serán compatibles coas retribucións asignadas ós membros da Corporación con dedicación exclusiva, que só percibirán indemnizacións pola asistencia a sesións convocadas e realizadas integramente fóra da xornada laboral. No caso de deputados sen dedicación exclusiva, cando coincida unha sesión da Mesa de Contratación, comisión de traballo ou tribunais de valoración coa sesión dun órgano colexiado provincial, só se percibirá a axuda de custo por asistencia a sesión do órgano colexiado da Deputación provincial descrita no apartado B) da presente proposta.

D).- Indemnizacións por gastos ocasionados por comisións de servizos encomendadas a cargos electos.

En materia de indemnización por comisións de servizos rexerá o Real decreto 462/2002, do 24 de maio e disposicións de desenvolvemento ou normas que con carácter xeral o substitúan coas particularidades seguintes:

- a) Por aloxamento e gastos de viaxe en medios de transporte público, aboarase o importe do realmente gastado e xustificado documentalmente.
- b) Por manutención aboarase tamén o importe dos gastos efectivamente realizados sempre que o xustifiquen adecuadamente mediante facturas expedidas para o efecto.
- c) Cando a comisión de servizos de cargos electos inclúa tamén a funcionarios de carreira, persoal laboral ou eventuais, aplicaráselles a todos eles o réxime de indemnizacións establecido neste apartado para os cargos electos.

E).- As retribucións a que se refire o apartado A) terán plena eficacia e aplicaranse nos seguintes termos:

1. O presidente devengará as retribucións asignadas desde o día do seu nomeamento e toma de posesión, é dicir, desde o día 12 de xullo de 2011.
2. Os vicepresidentes e os deputados do Grupo de Goberno percibirán as retribucións previstas cando se dean as tres condicións seguintes: prodúzase o seu nomeamento formal por resolución do presidente, acrediten os nomeados que reúnen as condicións para o desempeño en réxime de dedicación exclusiva e acepten expresamente o cargo, o que suporá o inicio das actividades encomendadas polo presidente nas que se fundamentan ás retribucións correspondentes.
3. Os deputados de cada grupo político con dedicación exclusiva serán nomeados polo presidente por proposta dos grupos políticos correspondentes e as súas retribucións devengaránse desde que se dean as tres condicións seguintes: prodúzase o seu nomeamento formal, acrediten os nomeados que reúnen as condicións para o desempeño en réxime de dedicación exclusiva e acepten expresamente o cargo, o que suporá o inicio das actividades encomendadas nas que se fundamentan ás retribucións correspondentes.

F).- Publicar o presente acordo da forma establecida no artigo 75.5 da Lei reguladora das bases de réxime local.”

## **12.-PROPOSTA SOBRE DETERMINACIÓN DO NÚMERO, CARACTERÍSTICAS E RETRIBUCIÓN DO PERSOAL EVENTUAL.**

## VOTACIÓN

Votan a favor: 22 deputados (17 do PP e 5 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 9 deputados (PSOE)

## ACORDO

Apróbase a seguinte proposta:

“En relación o asunto de referencia, despois de consultados os Grupos Políticos provinciais e de conformidade co disposto no artigo 104 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), no artigo 250 da lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGa), no artigo 12 do Estatuto do Empregado público aprobado pola lei 7/2007, do 12 de abril, e no artigo 7 do texto refundido de lei da función pública de Galicia, aprobado polo decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo

Dirixe ó Pleno a seguinte PROPOSTA de acordo:

1º.- O número, características e retribucións do persoal eventual da Deputación Provincial da Coruña será o seguinte:

Nº	CARACTERÍSTICAS (D.E. Dedicación exclusive)	EQUIPARADO A		RETRIB. ANUAIS POSTO	TOTALS
		GRUPO	NIVEL C.D.		
1	ASESOR CON D. E.	A1	NIVEL 28	62.484,94	62.484,94
1	TÉCNICOS CON D. E.	A1	NIVEL 26	51.000,74	51.000,74
4	TÉCNICOS CON D. E.	A1	NIVEL 24	48.315,40	193.261,60
1	TÉCNICOS CON D. E.	A2	NIVEL 21	35.520,72	35.520,72
7	ADMIVOS. CON D. E.	C1	NIVEL 19	28.683,76	200.786,32
18	AUXILIAR SIN D. E.	C2	NIVEL 16	19.023,06	342.415,08
32	TOTALS				<b>885.469,40</b>

As persoas designadas percibirán as retribucións asignadas cando se dean as tres condicións seguintes: Se produza o seu nomeamento formal por Resolución do Presidente, se acredite polos nomeados que reúnen as condicións de capacidade e compatibilidade para o desempeño e se dea a aceptación expresa de cargo polo nomeado, o que suporá o inicio das actividades encomendadas polo Presidente nas que se fundamentan as retribucións correspondentes.

Na Resolución ou Resolucións de nomeamento indicárase de forma xeral o contido das funcións, tarefas ou cometidos encomendados para o seu posterior inclusión na relación de postos de traballo da Corporación (RPT)

2º.- As retribucións expresadas actualízanse anualmente nos mesmos termos que se determinen para os postos de traballo de persoal funcionario, consonte coas previsións xenéricas que se establezan nos Orzamentos xerais do Estado.

3º.- Publicar o presente acordo da forma prevista no artigo 104.3 da lei Reguladora das Bases de Réximen Local.”

Non habendo máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e dez minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.